



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

**INFORME DE PRESTACIÓN PERIÓDICA
PARA MULLERES QUE SOFREN
VIOLENCIA DE XÉNERO| EXERCICIO 2023**

INFORME 2023 | PRESTACIÓN PERIÓDICA PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. ANTECEDENTES LEGISLATIVOS.....	5
3. RESUMO DA PRESTACIÓN.....	9
4. ESTUDO DE SEGUIMENTO	13
4.1. Análise da prestación no período (2006-2023).....	13
Orzamento da prestación.....	13
Evolución do número de solicitudes.....	16
Evolución do número de concesións.....	19
4.2. Análise dos resultados da convocatoria no ano 2023.....	23
Prestacións concedidas.....	24
Solicitudes denegadas.....	29
Acreditación da situación de violencia de xénero.....	30
Nacionalidade das beneficiarias	32
Lugar de residencia das beneficiarias.....	35
Idade das beneficiarias.....	37
Situación familiar das beneficiarias.....	38
Beneficiarias con discapacidade.....	41
Situación laboral e económica das beneficiarias	43
Tipoloxía das vítimas beneficiarias.....	45
4.3. Análise comparativa dos resultados da convocatoria 2022 e 2023	48
5. Conclusións	57

ÍNDICE DE GRÁFICAS

Gráfica 1. Evolución do orzamento no período 2006-2023.....	15
Gráfica 2. Evolución do número de solicitudes no período 2006-2023.....	16
Gráfica 3. Evolución do número de solicitudes por provincia no período 2006-2023.....	17
Gráfica 4. Evolución da porcentaxe de concesións con respecto ás solicitudes do período 2006-2023	19
Gráfica 5. Evolución do número de solicitudes e concesións no período 2006-2023.....	20
Gráfica 6. Porcentaxe de solicitudes e concesións por provincia no período 2006-2023.....	21
Gráfica 7. Número de solicitudes, concesións e denegacións por provincia no ano 2023.....	24
Gráfica 8. Número de solicitudes e concesións por provincia no ano 2023.....	25
Gráfica 9. Porcentaxe de concesións da prestación periódica por provincias no ano 2023	26
Gráfica 10. Porcentaxe de concesións e solicitudes por provincia, con respecto ao total de prestacións no ano 2023	27
Gráfica 11. Prestacións concedidas por provincia e exercicio económico.....	28
Gráfica 12. Resolucións desfavorables segundo a causa de denegación da solicitude no ano 2023	29
Gráfica 13. Solicitudes desfavorables por motivo de denegación e por provincia no ano 2023	30
Gráfica 14. Acreditación da violencia de xénero presentada polas beneficiarias	31
Gráfica 15. Beneficiarias por nacionalidade no ano 2023.....	33
Gráfica 16. Beneficiarias residentes nas cidades galegas máis poboadas no ano 2023.....	35
Gráfica 17. Beneficiarias da prestación por Grao de Urbanización e Concello no ano 2023	36
Gráfica 18. Beneficiarias da prestación por Grao de Urbanización por provincias no ano 2023	37
Gráfica 19. Beneficiarias da prestación por tramo de idade.....	38
Gráfica 20. Beneficiarias por número de fillas/os menores a cargo no ano 2023	39
Gráfica 21. Porcentaxe total de fillas/os menores a cargo das beneficiarias por provincia no ano 2023.....	40
Gráfica 22. Número de fillas e fillos menores a cargo das beneficiarias por provincia no ano 2023.....	41
Gráfica 23. Porcentaxe de beneficiarias con discapacidade por provincia no ano 2023.....	42
Gráfica 24. Porcentaxe de fillas/os de beneficiarias con algunha discapacidade acreditada por provincias.....	43
Gráfica 25. Porcentaxe de mulleres empregadas e desempregadas por provincia no ano 2023	44
Gráfica 26. Porcentaxe de beneficiarias segundo o nivel de Ingresos e provincia no ano 2023	45

Gráfica 27. Tipoloxía das vítimas beneficiarias no ano 2023	46
Gráfica 28. Beneficiarias da prestación por tramo de idade no ano 2023	46
Gráfica 29. Número de solicitudes e concesións por provincia, comparativa 2022-2023	48
Gráfica 30. Beneficiarias da prestación por grao de urbanización, comparativa 2022-2023	51

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Orzamento desagregado por exercicio económico dende o ano 2006-2023.....	14
Táboa 2. Evolución do número de concesións por provincia no período 2006-2023.....	22
Táboa 3. Medios de acreditación da situación de violencia de xénero da beneficiaria por provincia (ano 2023)	32
Táboa 4. Nacionalidade das beneficiarias da prestación no ano 2023.....	32
Táboa 5. Nacionalidade das beneficiarias da prestación no ano 2023 segundo países.....	34
Táboa 6. Beneficiarias segundo o número de fillas/os menores a cargo no ano 2023.....	39
Táboa 7. Beneficiarias segundo a súa situación laboral e provincia na que residen, ano 2023.....	44
Táboa 8. Beneficiarias vítimas de trata con fins de explotación sexual segundo a súa nacionalidade no ano 2023.....	47
Táboa 9. Beneficiarias vítimas de explotación sexual segundo a súa nacionalidade no ano 2023.....	47
Táboa 10. Medio de acreditación da condición de violencia de xénero	50
Táboa 11. Número de beneficiarias con fillas/os a cargo, comparativa 2022-2023	52
Táboa 12. Situación laboral das mulleres beneficiarias, comparativa 2022-2023	54

INFORME 2023

PRESTACIÓN PERIÓDICA PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

1. INTRODUCCIÓN

Durante os últimos anos, as administracións públicas (nos seus distintos niveis e respectivos ámbitos de actuación) mostraron o seu completo compromiso co rexeitamento ante calquera acto, conduta ou comportamento de natureza machista que fomente unha situación de desigualdade entre homes e mulleres, nenos e nenas. **Aínda con isto, mostrar un férreo compromiso ante este desafío non é suficiente.**

Cada organismo, a nivel europeo, nacional e autonómico, promulga no ámbito das súas competencias a normativa necesaria para facer fronte á violencia de xénero en calquera das súas manifestacións no alcance dun Estado de Benestar pleno, no que sexa posible unha contorna igualitaria entre homes e mulleres, nenos e nenas, libre de calquera violencia machista: física, psicolóxica, económica, emocional...

Para iso, **é imprescindible reforzar os mecanismos e ferramentas** existentes no ámbito da violencia de xénero, que apoian e facilitan a recuperación das vítimas, entendendo como tales non só ás mulleres vítimas de violencia, senón tamén a súa contorna: fillos e fillas, persoas ao seu cargo, proxenitores da vítima, etc. É evidente que por cada caso de violencia de xénero ou violencia machista xorde unha contorna de vulnerabilidade na que o proceso e as ferramentas de axuda e apoio son claves.

A Xunta de Galicia traballou no desenvolvemento de mecanismos legais, económicos e sociais que actúan nunha **perspectiva 360°**: tanto no ámbito da

prevención, como na loita activa contra as situacións de violencia de xénero que aínda a día de hoxe seguen estando presentes.

Unha das medidas que ratifican este compromiso é o cumprimento do disposto no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG nº 152 do 7 de agosto de 2007), que establece que a Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, garantirá a existencia dunha prestación económica de carácter periódico dirixida ás mulleres vítimas de violencia de xénero. A prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor, ou da persoa que exercese sobre a vítima unha relación de dominación, e a tentar axudarlles a romper coa situación de violencia.

Así pois, a prestación periódica xorde coa finalidade de proporcionar un apoio económico ás vítimas, posibilitar a independencia económica do agresor e rachar coa situación de violencia.

Coa elaboración do presente informe dáse cumprimento ao establecido na disposición adicional cuarta da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, **que establece a obrigatoriedade da Xunta de Galicia de remitir ao Parlamento Galego un informe anual sobre a prestación periódica para as mulleres que sofren violencia de xénero.**

2.ANTECEDENTES LEXISLATIVOS

A conciencia social sobre a lacra que representa a violencia de xénero para a sociedade vai en aumento no noso país. Isto é debido fundamentalmente ao traballo realizado polas administracións públicas, as institucións e a cidadanía. Un proceso no que o Estado e as Comunidades Autónomas, no ámbito das súas competencias, desenvolveron lexislación específica ao respecto.

A **Organización das Nacións Unidas (ONU)** coa Declaración universal dos dereitos humanos no ano 1948, ou o Convenio sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller do ano 1979 iniciou un camiño imparable a prol da igualdade de xénero. Posteriormente chegaría no ano 1993 a Declaración sobre a eliminación da violencia cara á muller ou a Declaración de Beijing no 1995.

A **Unión Europea** tamén establece lexislación aplicable na materia. Destaca:

- Recomendación do Comité de ministros do Consello de Europa (2002) sobre a protección das mulleres contra a violencia (adoptada o 30 de abril de 2002).
- Resolución do Consello do 20 de outubro de 2003 sobre iniciativas para loitar contra trata de seres humanos, en particular das mulleres.
- Convenio do Consello de Europa, do 3 de maio de 2005, para a acción contra a trata de seres humanos (Convenio de Varsovia).
- Directrices da UE sobre a violencia contra as mulleres e a loita contra toda forma de discriminación contra elas adoptadas polo Consello en decembro de 2008 (Doc. 16173/08 + COR 1).
- Ditame do Comité de Rexións, aprobado no 81 Pleno o 7 de outubro de 2009, sobre as actuacións prioritarias dos entes locais e rexionais para previr a violencia contra as mulleres e mellorar a atención ás vítimas.
- Convenio do Consello de Europa sobre a prevención e a loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, do 11 de maio de 2011 (Convenio de Istambul).
- Directiva 2011/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de abril de 2011, relativa á prevención e loita contra a trata de seres humanos e a protección das vítimas e pola que se substitúe a Decisión marco 2002/629/JAI do Consello.
- Directiva 2011/99/UE, do 13 de decembro de 2011, reguladora da Orde de Protección Europea.

- Directiva 2012/29/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, pola que se establecen normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos, e pola que se substitúen a Decisión marco 2001/220/JAI do Consello.
- Regulamento (UE) n.º 606/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xuño de 2013, relativo ao recoñecemento mutuo de medidas de protección en materia civil.
- Convenio da Organización Internacional do Traballo sobre a eliminación da violencia e o acoso no mundo do traballo, asinado en Xenebra o 21 de xuño de 2019.
- Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións: Estratexia para a Igualdade de Xénero 2020-2025.
- Informe anual da Comisión Europea sobre a igualdade de xénero na Unión Europea, ano 2022.
- Proposta de Directiva do Parlamento Europeo e do Consello, sobre a loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica (marzo, 2022).

En **España**, no ano 2003, regulouse a orde de protección das vítimas da violencia doméstica. Foi a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, a que marcará un fito histórico, ao establecer medidas concretas de protección contra a muller. Destacan tamén:

- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Real decreto 1452/2005, do 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

- Real decreto 95/2009, do 6 de febreiro, polo que se regula o sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de Xustiza.
- Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito.
- Real decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.
- Lei 1/2021, do 24 de marzo, de medidas urxentes en materia de protección e asistencia ás vítimas de violencia de xénero.

Cabe sinalar que no ano 2022 entrou en vigor a Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, coa que se pretende promover a prevención da violencia sexual e garantir os dereitos das vítimas.

Galicia conta desde o ano 2007 coa súa propia lexislación en materia de violencia de xénero, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. É tamén de aplicación a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, que no seu título I inclúe no tratamento transversal da dimensión de xénero a garantía da dignidade das mulleres, con especial incidencia na adopción de accións tendentes a erradicar todas as formas de violencia contra a muller, de violencia sexual e de violencia de xénero.

Co obxectivo de dar unha mellor resposta e proporcionar protección e apoio ás diferentes realidades e situacións de violencia en que se atopan as mulleres, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, foi modificada por varias leis posteriores, así, a Lei 12/2016, do 27 de xullo, introduce como unha forma de violencia de xénero a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual; a Lei 14/2021, do 27 de xullo, reconece como forma de violencia de xénero a violencia vicaria; e a Lei 15/2021, do 27 de xullo, introduce a violencia de xénero dixital ou violencia en liña contra a muller.

Coa finalidade de incluír a explotación sexual como unha forma de violencia de xénero e, polo tanto, as vítimas de explotación sexual como potenciais beneficiarias da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, o artigo 40 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, publicada no Diario Oficial de Galicia o día 30 de decembro de 2022, modificou o artigo 3 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, engadíndolle unha nova liña i) ao artigo 3, no que se inclúe a explotación sexual como unha nova forma de violencia de xénero.

3. RESUMO DA PRESTACIÓN

Mediante Resolución do 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, aprobáronse as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo (DOG nº 1 do 2 de xaneiro de 2019). Esta resolución foi obxecto de modificación no ano 2019, no ano 2021 e, por último, no ano 2023 para incluír ás mulleres vítimas de explotación sexual como beneficiarias da prestación periódica.

A través da Resolución do 15 de decembro de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, convocouse para o ano 2023 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo (DOG nº 2 do 3 de xaneiro de 2023). Esta resolución tamén foi obxecto de modificación para incluír como beneficiarias ás mulleres vítimas de explotación sexual.

Os requisitos necesarios para poder ser beneficiaria desta axuda son:

- a) **Ser muller, maior de idade ou emancipada, vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia e de dependencia económica do seu agresor**, ou no caso de **vítimas de trata con fins de explotación sexual, de dependencia da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación**. Para os efectos desta axuda, tamén terán a consideración de **vítimas de violencia de xénero as mulleres que padecesen violencia vicaria** ou violencia “por interpósita persoa”, con resultado de morte.
- b) **Ter cesado a convivencia co agresor, ou coa persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación, no intervalo temporal que comprende os doce (12) meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude**. O intervalo temporal establecido no parágrafo anterior non será de aplicación no caso de violencia vicaria ou violencia “por interpósita persoa”. Nos casos de falecemento do agresor, o intervalo temporal será igualmente de doce (12) meses, tanto para o feito en si do propio falecemento como da ruptura da convivencia.
- c) Presentar o **documento acreditativo da situación de violencia de xénero adoptado ou emitido no intervalo temporal que comprende os doce (12) meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude**. (Non será de aplicación no caso de violencia vicaria ou violencia “por interpósita persoa”.) Os documentos acreditativos son:
- **Orde de protección ou medida cautelar** que **deberá estar vixente na data de presentación da solicitude e manterse na data da resolución desta axuda**.
 - **Sentenza de calquera orde xurisdiccional**, que declare que a muller sufriu violencia de xénero ou documento xudicial que declare que a muller é vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

- **Informe do Ministerio Fiscal** que indique a existencia de indicios de violencia e /ou de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente no que conste a existencia dos ditos indicios.
 - **Informe das Forzas e Corps de Seguridade** que indique a existencia de indicios claros de trata de seres humanos con fins de explotación sexual.
 - **Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local** no que se recolla a dita condición de vítima de violencia de xénero ou de vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, e a data na que se produciu o cesamento da convivencia ou da situación de dominación respectivamente.
 - **Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local no que recolla a dita condición de vítima de violencia** de xénero ou de vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, e a data na que se produciu o cesamento da convivencia ou da situación de dominación respectivamente.
- d) **Estar empadroada e ter residencia efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia** e, no caso das mulleres estranxeiras, cando así o esixa a lexislación vixente, ter permiso de residencia.
- e) **Carecer de dispoñibilidade de recursos económicos ou ser estes de contía insuficiente** para afrontar unha independencia inmediata do seu agresor ou da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación, e/ou dispoñer dunhas rendas ou ingresos brutos mensuais iguais ou inferiores ao dobre do IPREM vixente, excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.
- f) Non poderán ser persoas beneficiarias da axuda as mulleres que, reunindo estes requisitos, xa perciban con anterioridade esta axuda ou a axuda establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de

decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero¹.

A contía económica é destinada directamente á beneficiaria e terá carácter periódico, ata o máximo de doce mensualidades, sempre que nese período subsistan as circunstancias polas que se concedeu. A contía que pode acadar a axuda establécese en función das rendas e ingresos da solicitante en relación co **indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente, de acordo coas seguintes especificacións:**

<i>Ingresos</i>	<i>Contía mensual</i>
Ingresos $\leq$ IPREM vixente. carácter xeral.	600 €
<i>Ingresos $\leq$ IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade das vítimas $\geq$ 33%</i>	650 €
Ingresos $\leq$ IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq$ 33%	700 €
Ingresos $\leq$ IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.	700 €
Ingresos $\leq$ IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñen unha discapacidade $\geq$ 33%	800 €
Ingresos $\leq$ IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq$ 65% ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.	800 €
Ingresos $>$ IPREM e $\leq$ 1,5 veces IPREM. Carácter xeral.	300 €
Ingresos $>$ IPREM e $\leq$ 1,5 veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade da vítimas $\geq$ 33%	350 €
Ingresos $>$ IPREM e $\leq$ 1,5 veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq$ 33%	400 €
Ingresos $>$ IPREM e $\leq$ 1,5 veces IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.	400 €
Ingresos $>$ IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha	500 €

¹ O mencionado artigo 27 establece que, cando as vítimas de violencia de xénero carecesen de rendas superiores, en cómputo mensual, ao 75 por 100 do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias, recibirán unha axuda de pago único, sempre que se presuma que debido á súa idade, falta de preparación xeral ou especializada e circunstancias sociais, a vítima terá especiais dificultades para obter un emprego e por devandita circunstancia non participará nos programas de emprego establecidos para a súa inserción profesional.

discapacidade $\geq 33\%$

Ingresos $> \text{IPREM}$ e $\leq 1,5$ veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 65\%$ ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.

Ingresos $> 1,5$ veces IPREM e $\leq$ dobre IPREM . Carácter xeral.

Ingresos $> 1,5$ veces IPREM e $\leq$ dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade da vítimas $\geq 33\%$

Ingresos $> 1,5$ veces IPREM e $\leq$ dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 33\%$

Ingresos $> 1,5$ veces IPREM e $\leq$ dobre IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.

Ingresos $> 1,5$ veces IPREM e $\leq$ dobre IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 33\%$

Ingresos $> 1,5$ veces IPREM e $\leq$ dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 65\%$ ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.

500 €
200 €
250 €
300 €
300 €
400 €
400 €

4. ESTUDO DE SEGUIMIENTO

4.1. Análise da prestación no período (2006-2023)

Orzamento da prestación

Na seguinte táboa detállanse as anualidades e ampliacións orzamentarias dende o comezo da prestación, no ano 2006, ata o ano 2023.

60.288.524,81€

ORZAMENTO TOTAL PERÍODO 2006-2023

18 ANUALIDADES CONTINUADAS

7.415 BENEFICIARIAS

Exercicio económico	Anualidades Incluídas		Ampliacións orzamentarias	Importe total
Exercicio 2006	Anualidade 2006	Anualidade 2007	Ampliación 2006	Importe total
Convocatoria plurianual 2006-2007	1.100.000 €	550.000 €	105.300 €	1.755.300 €
Exercicio 2007	Anualidade 2007	Anualidade 2008	Ampliación 2007	Importe total
Convocatoria plurianual 2007-2008	263.400 €	50.000 €	1.302.000 €	2.230.400 €
Exercicio 2008	Anualidade 2008	Anualidade 2009	Ampliación 2008	Importe total
Convocatoria plurianual 2008-2009	965.000 €	1.141.000 €	294.589 €	2.400.589 €
Exercicio 2009	Anualidade 2009	Anualidade 2010	Ampliación 2009	Importe total
Convocatoria plurianual 2009-2010	628.500 €	798.700 €	535.050 €	1.962.250 €
Exercicio 2010	Anualidade 2010	Anualidade 2011	Ampliación 2010	Importe total
Convocatoria plurianual 2010-2011	900.000 €	630.000 €	841.127 €	2.371.127 €
Exercicio 2011	Anualidade 2011	Anualidade 2012	Ampliación 2011	Importe total
Convocatoria plurianual 2011-2012	970.000 €	1.120.000 €	300.000 €	2.390.000 €
Exercicio 2012	Anualidade 2012	Anualidade 2013	Ampliación 2012	Importe total
Convocatoria plurianual 2012-2013	1.276.650 €	1.120.000 €	218.888,66 €	2.615.536,66 €
Exercicio 2013	Anualidade 2013	Anualidade 2014	Ampliación 2013	Importe total
Convocatoria plurianual 2013-2014	688.850 €	1.120.000 €	312.660,65 €	2.121.510,65 €
Exercicio 2014	Anualidade 2014	Anualidade 2015	Ampliación 2014	Importe total
Convocatoria plurianual 2014-2015	750.150 €	1.155.000 €	345.150,00 €	2.250.300,00 €
Exercicio 2015	Anualidade 2015	Anualidade 2016	Ampliación 2015	Importe total
Convocatoria plurianual 2015-2016	578.380,49 €	1.176.000 €	664.006,87 €	2.418.387,36 €
Exercicio 2016	Anualidade 2016	Anualidade 2017	Ampliación 2016	Importe total
Convocatoria plurianual 2016-2017	728.382,00 €	1.303.562 €	391.237,00 €	2.423.181,40 €
Exercicio 2017	Anualidade 2017	Anualidade 2018	Ampliación 2017	Importe total
Convocatoria plurianual 2017-2018	1.942.950,00 €	2.100.000 €	0,00 €	4.042.950,00 €
Exercicio 2018	Anualidade 2018	Anualidade 2019	Ampliación 2018	Importe total
Convocatoria plurianual 2018-2019	1.600.000,00 €	2.100.000 €	958.927,30 €	4.658.927,30 €
Exercicio 2019	Anualidade 2019	Anualidade 2020	Ampliación 2019	Importe total
Convocatoria plurianual 2019-2020	2.350.000,00 €	2.800.000 €	144.965,89 €	5.294.965,89 €
Exercicio 2020	Anualidade 2020	Anualidade 2021	Ampliación 2020	Importe total
Convocatoria plurianual 2020-2021	2.521.000,00 €	2.800.000 €	126.465,00 €	5.447.465,00 €
Exercicio 2021	Anualidade 2021	Anualidade 2022	Ampliación 2021	Importe total
Convocatoria plurianual 2021-2022	2.250.000,00 €	2.800.000 €	195.648,55 €	5.245.648,55 €
Exercicio 2022	Anualidade 2022	Anualidade 2023	Ampliación 2022	Importe total
Convocatoria plurianual 2022-2023	2.250.000,00 €	2.800.000 €	0,00 €	5.050.000,00 €

Táboa 1. Orzamento desagregado por exercicio económico dende o ano 2006-2023.

En concreto, o orzamento no exercicio 2023, convocatoria plurianual 2023 - 2024, foi o seguinte:

Exercicio 2023	Anualidade 2023	Anualidade 2024	Ampliación	Importe total
Convocatoria plurianual 2023-2024	2.634.992,00 €	2.974.994 €	0,00 €	5.609.986,00 €

Tal e como se pode apreciar na seguinte gráfica, a tendencia orzamentaria é alcista. Dende o 2006 ata o 2023 a **taxa media de crecemento** do orzamento total foi dun **9%** anual.




Gráfica 1. Evolución do orzamento no período 2006-2023

O **orzamento no ano 2023 foi de 5.609.986€**, o que supón un **aumento de 3.854.686€** con respecto a 2006.

5.609.986€ de orzamento para 2023

O ORZAMENTO DO ÚLTIMO ANO
AUMENTOU 3.854.686€
DENDE O DO PRIMEIRO ANO (2006)

Evolución do número de solicitudes.




Gráfica 2. Evolución do número de solicitudes no período 2006-2023

Dende os inicios da prestación periódica recibíronse dez mil cincocentas sesenta e catro (10.564) solicitudes. O total de solicitudes nos primeiros dez

anos tivo unha tendencia á baixa, cun mínimo de 400 solicitudes no ano 2016. Sen embargo, dende o ano 2016 produciuse un forte aumento do número de solicitudes, ata acadar o **máximo de 881 solicitudes no ano 2023**.

10.564 SOLICITUDES RECIBIDAS
DENDE O ANO 2006.

**2023 É O ANO CON MAIOR NÚMERO DE
SOLICITUDES: 881**



Gráfica 3. Evolución do número de solicitudes por provincia no período 2006-2023

3 de cada 4 solicitudes no ano 2023 pertencen ás provincias da Coruña e Pontevedra.

As solicitudes ao longo do 2023 distribuíronse do seguinte xeito:

- 40% das solicitudes producíronse na provincia da Coruña
- 33% na provincia de Pontevedra
- 16% na provincia de Ourense
- 11% na provincia de Lugo

De acordo á serie histórica, dende o ano 2006 ata o ano 2023 a **provincia que presentou un maior incremento do número de solicitudes foi a provincia de Lugo**, cun incremento do 48%, seguida da provincia de Ourense cun 22%, Pontevedra cun 18% e A Coruña cun 3%.

Porén, se observamos o incremento de solicitudes dende o ano 2016 (ano de cambio de tendencia no número de solicitudes) ata o ano 2023, é Ourense a provincia que, dende o ano 2016, presenta un crecemento maior de solicitudes, cun 251%, seguida de Lugo cun 166%, A Coruña cun 115% e Pontevedra cun 82%. Finalmente, **o aumento total do número de solicitudes recibidas nestes sete anos (2016-2023) é dun 120%.**


**DENDE O 2016 O NÚMERO DE
SOLICITUDES AUMENTOU UN
120%**

**A CORUÑA TEN O MAIOR NÚMERO DE
SOLICITUDES NO 2023 CUN 40% DO
TOTAL**

Evolución do número de concesións.

Dende o ano 2006 a porcentaxe de concesións tivo unha tendencia alcista progresiva, ata situarse nunha media do 77% nos últimos 10 anos (2013- 2023), fronte ao 70% de todo o período (2006-2023).

Neste sentido o ano 2023, en termos de porcentaxe de prestacións concedidas, situouse na media dos últimos 10 anos (pero por debaixo do ano 2022 nun 3%).




Gráfica 4. Evolución da porcentaxe de concesións con respecto ás solicitudes do período 2006-2023

NOS ÚLTIMOS 10 ANOS SUPERÁRONSE O 70% DAS CONCESIÓNS SOBRE O NÚMERO DE SOLICITUDES RECIBIDAS.


**O 2023 FOI O ANO CON MÁIS CONCESIÓN
DENDE O 2006, EN TOTAL 678.**

Non obstante, o ano 2023 foi o período con maior número absoluto de concesións: en total foron concedidas 678 solicitudes.



Gráfica 5. Evolución do número de solicitudes e concesións no período 2006-2023

Se analizamos os datos por provincia, **A Coruña é a que recolle o maior número de solicitudes e de concesións da prestación**, seguida das provincias de Pontevedra, Ourense e Lugo.



Gráfica 6. Porcentaxe de solicitudes e concesións por provincia no período 2006-2023

As provincias da **Coruña e Pontevedra representan o 76% das prestacións periódicas concedidas dende que se iniciou a prestación no 2006**, mentres que as provincias de Ourense e Lugo representan un 28%.

A CORUÑA E PONTEVEDRA SUMAN MÁIS DO **72%** DAS PRESTACIÓNS CONCEDIDAS

Dende unha análise histórica por provincia, **A Coruña é a que presenta un maior número de prestacións periódicas concedidas, en concreto, un 42% do total de Galicia**. De seguido está a provincia de Pontevedra cun 34%, Ourense cun 13% e Lugo cun 11%.

Malia ser a provincia que presenta un menor peso no total de prestacións concedidas, **a provincia de Lugo ten a maior porcentaxe de concesións dende o ano 2006, cun 73%**. En segundo lugar atópase cun 71% A Coruña, terceiro Pontevedra cun 69% e, en último lugar, Ourense cun 66%.

Ano	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
2006	140	24	29	82	275
2007	127	36	37	120	320
2008	113	31	31	84	259
2009	77	42	31	67	217
2010	151	45	57	116	369
2011	80	30	34	107	251
2012	145	47	45	125	362
2013	105	43	34	104	286
2014	122	36	50	128	336
2015	133	24	48	134	339
2016	140	28	31	125	324
2017	169	35	52	161	417
2018	246	53	78	206	583
2019	244	56	70	207	577
2020	300	59	86	194	639
2021	256	68	70	218	612
2022	263	68	71	169	571
2023	281	76	114	207	678
TOTAL	3.092	801	968	2.554	7.415

Táboa 2. Evolución do número de concesións por provincia no período 2006-2023

DENDE O ANO 2006 A PROVINCIA DE
LUGO ENCABEZA A MAIOR
 PORCENTAXE DE PRESTACIÓNS
 CONCEDIDAS DE GALICIA CUN **73%**

4.2. Análise dos resultados da convocatoria no ano 2023.

Neste apartado realizarase unha análise da actividade da Administración Autonómica na xestión das axudas. En concreto, realizaranse unha análise dos seguintes aspectos:

1. Prestacións concedidas
2. Solicitudes denegadas
3. Acreditación da situación de violencia de xénero
4. Nacionalidade das beneficiarias
5. Lugar de residencia das beneficiarias
6. Idade das beneficiarias
7. Situación familiar das beneficiarias
8. Beneficiarias con discapacidade
9. Situación laboral e económica das beneficiarias
10. Tipoloxía das vítimas beneficiarias

5.609.986,00€

ORZAMENTO ANO 2023

MÁIS DE **3,8** MILLÓNS DE ORZAMENTO
RESPECTO AO ANO 2006


678

 BENEFICIARIAS

Prestacións concedidas.


No ano 2023 recibíronse oitocentas oitenta e unha solicitudes (881), das que foron concedidas un total de 76,96% (678 prestacións concedidas).

En relación coa **distribución xeográfica das prestacións, a provincia da Coruña é a que ten un maior número de solicitudes presentadas (353)**, das cales foron concedidas 281, dando como resultado unha porcentaxe de concesión do 80%. De seguido atópase a provincia de Pontevedra (291), das cales foron concedidas 207, dando como resultado unha porcentaxe de concesión do 71%. Ambas provincias teñen o maior número de concesións, pois a suma de prestacións entre as **dúas provincias é superior ao 70% do total de prestacións concedidas no ano 2023**.



Gráfica 7. Número de solicitudes, concesións e denegacións por provincia no ano 2023

**A PROVINCIA DA CORUÑA TEN O MAIOR
NÚMERO DE SOLICITUDES: 353**




Gráfica 8. Número de solicitudes e concesións por provincia no ano 2023

**77% DAS SOLICITUDES
PRESENTADAS NO 2023 FORON
CONCEDIDAS**

Se analizamos a porcentaxe de solicitudes concedidas respecto do número de solicitudes presentadas, a **provincia de Lugo** conta coa porcentaxe de resolucións favorables máis alta da comunidade autónoma, cun **81,72%**, seguida da provincia da Coruña, cun **79,60%** de concesións respecto ás solicitudes.

A PROVINCIA DE **LUGO** TEN A
PORCENTAXE DE CONCESIÓN DE
SOLICITUDES MÁIS ALTA DE GALICIA CUN
81,72%




Gráfica 9. Porcentaxe de concesións da prestación periódica por provincias no ano 2023

No ano **2023 foron concedidas un total de 678 solicitudes**, das cales as presentadas na provincia da Coruña representan o 41,45%, seguido da provincia de Pontevedra, que supoñen o 30,53% do total de prestacións concedidas. No terceiro posto atópase a provincia de Ourense, que acadou o 16,81% das concesións totais e, finalmente, a provincia de Lugo, cun total de 11,21% de prestacións concedidas.

A nivel autonómico, **as provincias da Coruña, Lugo e Ourense teñen un maior peso na porcentaxe de prestacións concedidas fronte ao de prestacións solicitadas.**

Pola contra, na **provincia de Pontevedra a situación é inversa, e o peso da porcentaxe de solicitudes é maior que o de concesións.**




Gráfica 10. Porcentaxe de concesións e solicitudes por provincia, con respecto ao total de prestacións no ano 2023

Na táboa 1, que fai referencia ao orzamento desagregado por exercicio económico, podemos observar como, no referente ao 2023, concedeuse un 82%

do total do orzamento. En concreto, concedeuse un 48% no exercicio 2023 e un 34% durante o ano 2024.

A provincia da Coruña é a provincia que recibe un maior importe, con 1.939.900€, seguida da provincia de Pontevedra con 1.360.700€, a provincia de Ourense con 776.300€ e a provincia de Lugo con 506.250€.




Gráfica 11. Prestacións concedidas por provincia e exercicio económico

**A CORUÑA É A PROVINCIA CUN
MAIOR IMPORTE CONCEDIDO:
1.939.900€**

Solicitudes denegadas


Das 881 solicitudes que foron presentadas no ano 2023, 152 foron denegadas (17,25%). **O motivo fundamental das denegacións foi o incumprimento dalgún dos requisitos que figuraban nas bases reguladoras da convocatoria:**

- **59,87% das solicitudes denegadas por incumprimento dalgún requisito** da convocatoria.
- **25,66% das solicitudes denegadas por non emendar** tras o requirimento de documentación.
- **14,47% desistencia expresa da solicitude.**



Gráfica 12. Resolucións desfavorables segundo a causa de denegación da solicitude no ano 2023

A provincia de Pontevedra é a que presenta o maior número de resolucións desfavorables, en concreto, **o 40,79% do total de solicitudes denegadas do conxunto de Galicia**. Ademais, a **provincia de Pontevedra é a que ten un maior número de solicitudes denegadas a causa de non emendar o requirimento da documentación** (29,03% de tódalas solicitudes denegadas na provincia).




Gráfica 13. Solicitudes desfavorables por motivo de denegación e por provincia no ano 2023

No caso da Coruña, **é a provincia que representa un maior número de solicitudes denegadas por incumprimento dalgún dos requisitos que establece a convocatoria**; esta causa representa o 70,37% respecto de todas as solicitudes denegadas na provincia, e o 25% das solicitudes denegadas na comunidade autónoma.

Acreditación da situación de violencia de xénero.

Na convocatoria do ano 2023, as acreditacións da condición de vítima de violencia de xénero, vítima de explotación sexual e vítima de trata con fins de explotación sexual realizáronse a través dos seguintes medios:



Gráfica 14. Acreditación da violencia de xénero presentada polas beneficiarias

MÁIS DO **80%** DAS BENEFICIARIAS
ACREDITA A SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE
XÉNERO CON **MEDIDAS
XUDICIAIS**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	%
Orde de protección ou medida cautelar	123	61	68	75	327	48,23%
Sentenza	108	4	22	90	224	33,04%
Informe do Ministerio Fiscal	1	5	1	1	8	1,18%
Informe das FCS	5	1	6	0	12	1,77%
Informe dos Servizos ou Sanitarios	41	4	17	35	97	14,31%
Informe dos Servizos de Acolida	3	1	0	6	10	1,47%
Total	281	76	114	207	678	100%

Táboa 3. Medios de acreditación da situación de violencia de xénero da beneficiaria por provincia (ano 2023)

Nacionalidade das beneficiarias

As beneficiarias da prestación periódica no ano 2023 proceden dun total de 28 nacionalidades diferentes á española. **En concreto, a proporción de beneficiarias españolas achégase ao 70,35% e a porcentaxe de beneficiarias estranxeiras responde ao 29,65% das prestacións outorgadas no ano 2023.**


<i>Nacionalidade</i>	<i>Nº de beneficiarias</i>	<i>%</i>
<i>Española</i>	477	70,35%
<i>Estranxeira</i>	201	29,65%
Total	678	100,00%

Táboa 4. Nacionalidade das beneficiarias da prestación no ano 2023

Sobre o total de beneficiarias da prestación, **o 22,12 % teñen a súa orixe nos países latinoamericanos**, representando á súa vez o 74,63% das beneficiarias estranxeiras.

CASE 3 DE CADA 4 BENEFICIARIAS SON ESPAÑOLAS

Beneficiarias por nacionalidade




Gráfica 15. Beneficiarias por nacionalidade no ano 2023.

<i>Nacionalidade</i>	<i>Nº de beneficiarias</i>	<i>%</i>
Arxentina	2	0,29 %
Bolivia	2	0,29 %
Brasil	23	3,39 %
Chile	2	0,29 %
Colombia	44	6,49 %
Cuba	1	0,15 %
Estados Unidos	1	0,15 %
Francia	3	0,44 %
Ghana	1	0,15 %
Guinea Ecuatorial	1	0,15 %
España	477	70,35%
Honduras	7	1,03 %
Italia	5	0,74 %
Kenia	1	0,15 %
Marrocos	15	2,21 %
México	2	0,29 %
Nicaragua	1	0,15 %
Pakistán	1	0,15 %
Panamá	2	0,29 %
Paraguai	11	1,62 %
Perú	17	2,51 %
Portugal	9	1,33 %
Reino Unido	1	0,15 %
República dominicana	8	1,18 %
Romanía	9	1,33 %
Rusia	2	0,29 %
Ucráina	2	0,29 %
Uruguai	3	0,44 %
Venezuela	25	3,69 %
TOTAL	678	100,00%

Táboa 5. Nacionalidade das beneficiarias da prestación no ano 2023 segundo países

Lugar de residencia das beneficiarias

En termos territoriais, a maioría das beneficiarias residen en zonas non urbanas, sendo as **mulleres residentes en zonas intermedias ou pouco poboadas o 58,55% das beneficiarias totais**. Pola contra, 281 beneficiarias atópanse nas ZDP (Zonas Densamente Poboadas²): A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, que concentran o 41,45% restante.



Gráfica 16. Beneficiarias residentes nas cidades galegas máis poboadas no ano 2023

O 71,98% das mulleres beneficiarias residen nas provincias da Coruña e Pontevedra, mentres que na provincia de Lugo e Ourense residen o 28,08%.


2 Poden existir variacións respecto aos totais semestrais por provincia dado que hai beneficiarias que cambian de concello durante a tramitación/percepción.

3 Nota explicativa: (Clasificación dos concellos segundo o novo grao de urbanización de Eurostat e do Nomenclátor do ano 2016).

ZDP: Zona Densamente Poboada: Conxunto contiguo de concellos de densidade superior a 500 hab./km² e unha poboación total para a zona de polo menos 50.000 habitantes.


ZIP: Zona Intermedia de Poboación: Conxunto de concellos que non pertencen a unha zona densamente poboada onde cada unha delas conta cunha densidade superior a 100 hab./km² e, ou ben a poboación total da zona é superior a 50.000 habitantes, ou ben é adxacente a unha zona poboada densamente.

ZPP: Zona Pouco Poboada: Grupos de concellos que non pertencen a zonas densamente poboadas ou a zonas intermedias.



Gráfica 17. Beneficiarias da prestación por Grao de Urbanización e Concello no ano 2023


No ano 2023, **nun total de 152 áreas municipais non se presentaron beneficiarias da prestación periódica**; 57 municipios teñen unha única beneficiaria (1); 48 municipios teñen un total de dúas beneficiarias e os 50 municipios restantes, sen ter en conta as cidades galegas ZDP, teñen unha media de entre 3 e 8 beneficiarias.



Gráfica 18. Beneficiarias da prestación por Grao de Urbanización por provincias no ano 2023

Idade das beneficiarias

Máis do 70% das beneficiarias teñen menos de 46 anos e **6 de cada 10 mulleres beneficiarias teñen unha idade comprendida entre os 26 e 45 anos**. Máis do 25% das beneficiarias teñen unha idade superior aos 45 anos.



Gráfica 19. Beneficiarias da prestación por tramo de idade

o **73,16%**

DAS BENEFICIARIAS TEÑEN MENOS DE 46 ANOS

Situación familiar das beneficiarias


Máis da metade das beneficiarias teñen un ou máis fillos e fillas, en concreto, o 54,57% das beneficiarias teñen, polo menos, un fillo/a, e o 23,30% das mulleres que reciben a prestación periódica teñen dous o máis fillas/os menores ao seu cargo.

Nº de fillas/os	Nº de beneficiarias	%	Total fillas/os
0 filla/o	308	45,43%	0
1 filla/o	212	31,27%	163
2 fillas/os	128	18,88%	256
3 fillas/os	27	3,98%	81
4 fillas/os	2	0,29%	8
5 fillas/os	1	0,15%	5


Táboa 6. Beneficiarias segundo o número de fillas/os menores a cargo no ano 2023

En total, no ano 2023, 562 nenas e nenos estiveron a cargo de mulleres beneficiarias da prestación periódica.

MÁIS DO **54%** DAS BENEFICIARIAS TEÑEN FILLAS/OS MENORES AO SEU CARGO



Gráfica 20. Beneficiarias por número de fillas/os menores a cargo no ano 2023




Gráfica 21. Porcentaxe total de fillas/os menores a cargo das beneficiarias por provincia no ano 2023

Dos 562 menores a cargo de mulleres vítimas de violencia de xénero, 265 eran nenas e 297 nenos.

52,8% DAS PERSOAS MENORES AO CARGO DAS BENEFICIARIAS SON RAPACES.

En relación á distribución xeográfica, **na provincia da Coruña residen case a metade do total dos menores a cargo das perceptoras da prestación periódica.**




Gráfica 22. Número de fillas e fillos menores a cargo das beneficiarias por provincia no ano 2023

Beneficiarias con discapacidade

A prestación periódica tamén recolle a **situación de especial vulnerabilidade, na que a beneficiaria ou as súas fillas/os a cargo presenten algunha discapacidade**. Recoller esta situación dá pé a poder conceder unha maior contía ás beneficiarias que acrediten unha discapacidade maior ou igual ao 33%, ou que teñan un ou máis fillos/as cunha discapacidade igual ou superior ao 33%.

No ano 2023, do total das beneficiarias desta prestación, **53 mulleres acreditaban algún tipo de discapacidade**.

7,81% DO TOTAL DE BENEFICIARIAS
TEÑEN ACREDITADA UNHA DISCAPACIDADE




Gráfica 23. Porcentaxe de beneficiarias con discapacidade por provincia no ano 2023

O 50% de beneficiarias con discapacidade reside na provincia da Coruña; seguido da provincia de Pontevedra, cun 30,19%. Nas provincias de Ourense e Lugo a porcentaxe de beneficiarias con discapacidade diminúe ata o 13,21% en Ourense e ata o 5,66% en Lugo.

Tal e como se fai mención anteriormente, a prestación tamén contempla aquelas circunstancias nas que a perceptora da prestación ten fillas/os con discapacidade ao seu cargo. En total, as perceptoras da prestación con menores ao seu cargo con algún tipo de discapacidade representan o 2,95% do total das beneficiarias (20).

Porcentaxe de fillas/os de beneficiarias con algunha discapacidade acreditada por provincias



Gráfica 24. Porcentaxe de fillas/os de beneficiarias con algunha discapacidade acreditada por provincias

Situación laboral e económica das beneficiarias


MÁIS DO **75%** DAS BENEFICIARIAS SON MULLERES DESEMPREGADAS

Segundo o seu ámbito xeográfico de residencia, **o 32,45% das mulleres beneficiarias sen emprego residen na provincia da Coruña**, seguida de Pontevedra, onde residen o 24,48% das beneficiarias desempregadas. Na provincia de Ourense, atópanse desempregadas o 11,65% de mulleres beneficiarias e, na provincia de Lugo, o 10,65% das beneficiarias non teñen emprego.

Provincia	Desempregadas	Empregadas	Total
A Coruña	220	61	281
Lugo	62	14	76
Ourense	79	35	114
Pontevedra	166	41	207
Total	527	151	678

Táboa 7. Beneficiarias segundo a súa situación laboral e provincia na que residen, ano 2023

Un total de **151 mulleres beneficiarias da prestación periódica están empregadas**, e o **67,55%** destas residen nas provincias de Pontevedra (41) e A Coruña (61).




Gráfica 25. Porcentaxe de mulleres empregadas e desempregadas por provincia no ano 2023

En relación ao nivel de ingresos das mulleres beneficiarias, o 76,11% destas teñen ingresos inferiores ao IPREM.

O valor do IPREM no ano 2023 foi de 600,00€ mensuais e 8.400,00€ en 14 pagas.

A Coruña é a provincia cun maior número de beneficiarias con ingresos inferiores ao IPREM, con 221 beneficiarias, o que supón un 32,60% do total de beneficiarias en Galicia. De seguido, atópase a provincia de Pontevedra, con 150 mulleres beneficiarias, a provincia de Ourense, con 86, e a provincia de Lugo, con 59 mulleres beneficiarias con ingresos inferiores ao IPREM.




Gráfica 26. Porcentaxe de beneficiarias segundo o nivel de Ingresos e provincia no ano 2023

Tipoloxía das vítimas beneficiarias


Do total de beneficiarias da prestación periódica, 662 mulleres (que corresponden cunha porcentaxe do 94,64%) son vítimas de **violencia de xénero, (violencia física, violencia psicolóxica e violencia vicaria).**

Doutro lado, **13 mulleres son vítimas da trata con fins sexuais e 3 son vítimas de explotación sexual, reflectindo unhas porcentaxes do 1,92% e do 0,44% respectivamente.**



Gráfica 27. Tipoloxía das vítimas beneficiarias no ano 2023

Neste sentido, 7 de cada 10 mulleres beneficiarias da prestación periódica son de nacionalidade española. Por outro lado, segundo a idade, máis do 70% son beneficiarias cunha idade inferior a 46 anos.



Gráfica 28. Beneficiarias da prestación por tramo de idade no ano 2023

As 13 mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual no ano 2023 teñen nacionalidade estranxeira e todas elas **presentaron** no momento da

solicitude o **Informe do Ministerio Fiscal (3)** ou o **Informe das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado (10)**.

Nacionalidade	Nº beneficiarias
Brasil	1
Colombia	5
Paraguai	4
Romanía	1
Venezuela	2
Total	13

Táboa 8. Beneficiarias vítimas de trata con fins de explotación sexual segundo a súa nacionalidade no ano 2023

AS 13 BENEFICIARIAS VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL SON ESTRANXEIRAS

A **idade das vítimas de trata con fins de explotación sexual é menor dos 55 anos**, sendo as vítimas de entre os 26 e 45 anos as maioritarias, **máis en concreto supoñen o 84,62%**.

Todas elas atopábanse desempregadas e cuns ingresos inferiores ao IPREM.

Nacionalidade	Nº beneficiarias
Colombia	1
Venezuela	1
Italia	1
Total	3


Táboa 9. Beneficiarias vítimas de explotación sexual segundo a súa nacionalidade no ano 2023

100% DAS VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL TIÑAN **MENOS DE 55 ANOS**

4.3. Análise comparativa dos resultados da convocatoria 2022 e 2023

No ano 2023 recibíronse 168 solicitudes máis que no ano 2022, pasando de 713 no 2022 ata 881 solicitudes no 2023.

Distribución xeográfica por provincia



Gráfica 29. Número de solicitudes e concesións por provincia, comparativa 2022-2023

En relación á distribución xeográfica das prestacións, a provincia da Coruña é a que rexistra un maior número de solicitudes nos dous últimos anos, seguida de Pontevedra, Ourense e Lugo.

No período do **2022 ao 2023 produciuse un incremento en todas as provincias, tanto do número de solicitudes como do número de concesións**. A provincia de Ourense é a que presenta un incremento maior en termos relativos, cun aumento do 62% no número de solicitudes e dun 61% no número de concesións, seguida da provincia de Pontevedra, cun aumento do 30% en solicitudes e un 22% en concesións, e das provincias de Lugo e da Coruña, con aumentos dun 9% e 12%, respectivamente, no número de solicitudes, e un 12% e un 7%, respectivamente, no de concesións. En total, para toda Galicia, aumentaron nun 24% o número de solicitudes e nun 19% o número de concesións.

A provincia de Ourense experimentou un crecemento do 60% tanto no nº de solicitudes como no nº de concesións

Acreditación da situación de violencia de xénero.

No ano 2023, o número de prestacións concedidas sobre a base da acreditación da situación de violencia a través de orde de protección ou sentenza incrementouse nun 20%, pasando de 459 a 551.

	Total 2022	Total 2023
<i>Orde de protección ou medida cautelar</i>	298	327
<i>Sentenza</i>	161	224
<i>Informe M Fiscal</i>	10	8
<i>Informe FCS</i>	5	12

<i>Informe Servizos Sociais ou</i>		
<i>Sanitarios</i>	86	97
<i>Informe Servizos de Acollida</i>	11	10
<i>Total</i>	571	678

Táboa 10. Medio de acreditación da condición de violencia de xénero

Distribución polo grao de densidade de poboación.

En termos territoriais, no 2023 aumentou o número de receptoras da prestación periódica en zonas rurais. **As mulleres que viven no rural son un 58,55% do total das beneficiarias da prestación periódica** (un 1,38% máis que no 2022).


En conxunto, as **zonas menos poboadas**, clasificadas como **zonas intermedias** de poboación ou zonas pouco poboadas, **é onde residen maioritariamente as beneficiarias da prestación.**

No 2023 aumenta o peso relativo das zonas intermedias de poboación, lugar de residencia do 39,23% das beneficiarias no 2023 (fronte ao 35,71% no 2022), ao mesmo tempo que se aprecia unha caída nas zonas pouco poboadas e densamente poboadas.

Nacionalidade

A información relativa á nacionalidade das **beneficiarias confirma unha maior representatividade das mulleres con nacionalidade española.** É preciso mencionar que, aínda así, reduciuse o número de mulleres españolas beneficiarias en 5 puntos porcentuais, dende o 75% ata o 70%.

Neste último ano 2023 a porcentaxe de beneficiarias con nacionalidade latinoamericana incrementase ata o 22,12% do total (fronte ao 17,5% do ano anterior 2022).



Gráfica 30. Beneficiarias da prestación por grao de urbanización, comparativa 2022-2023

Por nacionalidade, Colombia é o país con maior incremento dende o ano 2022, xa que o número de beneficiarias neste ano 2023 (44) é máis do dobre de mulleres que no ano anterior (18). A mesma situación dáse coas mulleres venezolanas, que incrementaron substancialmente a súa representatividade en máis da metade, ata 25 mulleres no ano 2023.

Idade

Facendo referencia á distribución por idade, **aumentou o número e a representatividade das mulleres menores de 46 anos no 2023, pasando dun 70,05% do total das beneficiarias no 2022 a un 73,16%.**

O grupo máis numeroso de mulleres que cobran a prestación periódica é aquel con idades comprendidas entre os 26 e os 35 anos, cun 30,53% do total, seguido do grupo con idades comprendidas dos 36 aos 45 anos, cun 29,94%, do que vai entre os 46 e os 55 anos, cun 16,67%, do que comprende

entre os 21 e os 25 anos, cun 9,88%, do que agrupa dos 56 aos 65 anos, cun 5,9%, o de máis de 65 anos, cun 4,28%, e o de menores de 21 anos, cun 2,8%.

DO ANO 2022 AO 2023 DIMINUÍU UN **0,88%** A PORCENTAXE DE BENEFICIARIAS MENORES DE 21 ANOS

Fillas/os a cargo

En relación á situación familiar, no ano 2023 o 54,57% das beneficiarias (370 mulleres) tiñan polo menos unha filla ou un fillo menor ao seu cargo, mentres que no ano 2022 esa cifra representaba o 51% das beneficiarias (293 mulleres).

	2023		2022	
	Nº beneficiarias	Total fillas/ os	Nº beneficiarias	Total fillas/os
0 fillas/os	308	0	278	0
1 fillas/os	212	212	163	163
2 fillas/os	128	256	97	194
3 fillas/os	27	81	28	84
4 fillas/os	2	8	3	12
5 fillas/os	1	5	2	10
TOTAL	678	562	571	463

Táboa 11. Número de beneficiarias con fillas/os a cargo, comparativa 2022-2023

Segundo o número de fillas/os das beneficiarias, un 23,3% das beneficiarias teñen dous ou máis fillas/os menores ao seu cargo, dato superior ao 22,77% do ano 2022. Do total de menores a cargo das beneficiarias, o 53% son nenos e o 47% nenas.

Tendo en conta a distribución xeográfica, no ano 2023 a provincia con máis menores a cargo de mulleres beneficiarias é A Coruña, cun 43% do total. O

resto dos cativos residen: un 28% na provincia de Pontevedra, un 20% na provincia de Ourense e un 9% na provincia de Lugo.

O 43% DAS FILLAS/OS DAS BENEFICIARAS RESIDEN NA PROVINCIA DA CORUÑA

Situación de discapacidade

Estas prestacións tamén recollen a situación de especial vulnerabilidade nos casos dunha discapacidade das beneficiarias ou dos fillos/as menores ao seu cargo.

No ano 2023, 53 mulleres tiñan acreditada unha discapacidade (o 7,82% do total das beneficiarias), mentres que no ano 2022 eran 44 as mulleres beneficiarias cunha discapacidade (o 7,71% do total das beneficiarias).

A Coruña é a provincia na que hai un maior número de beneficiarias que acreditan unha discapacidade, con 27 mulleres nesta situación (fronte ás 23 do ano 2022). De seguido está a provincia de Pontevedra, con 16 mulleres que acreditan discapacidade nesta anualidade 2023 (fronte ás 14 do ano anterior).

No caso de Ourense, no ano 2023 houbo 7 beneficiarias que acreditaban discapacidade, tres mulleres máis que o anterior ano 2022 e, por último, no caso de Lugo, repite o mesmo número de mulleres con discapacidade que o ano anterior (3).

No referente a análise das fillas/os menores a cargo das beneficiarias, pasouse de 19 menores que tiñan acreditada unha discapacidade no ano 2022 a 20 menores no ano 2023. Destes menores, 8 atópanse na provincia de Pontevedra, 7 na da Coruña e 5 en Ourense.

Situación laboral

A situación laboral das beneficiarias é de desemprego nun 77,72% dos casos. Do ano 2022 ao ano 2023 case non existen diferenzas entre o porcentaxe de mulleres beneficiarias da prestación periódica e empregadas, sendo un 22,27% en 2023 e un 21,4% no 2024.

As beneficiarias cun posto de traballo residen principalmente na provincia da Coruña, con 61 mulleres no 2023 fronte a 59 no 2022, seguida da provincia de Pontevedra, con 41 mulleres empregadas no 2023 fronte as 39 do 2022, da provincia de Lugo, con 18 mulleres empregadas no 2023 fronte as 14 do 2022, e da provincia de Ourense, con 9 mulleres empregadas no 2023 fronte as 35 mulleres no 2022.

2023			2022	
Provincia	Desempregadas	Empregadas	Desempregadas	Empregadas
A Coruña	220	61	204	59
Lugo	62	14	50	18
Ourense	79	35	62	9
Pontevedra	166	41	130	39
Total	527	151	446	125

Táboa 12. Situación laboral das mulleres beneficiarias, comparativa 2022-2023

Tipoloxía das beneficiarias

Vítimas de trata con fins de explotación sexual

Respecto á tipoloxía de beneficiarias da convocatoria, aumentaron os casos de vítimas de trata con fins de explotación sexual, de 5 casos acreditados no 2022 a 13 casos acreditados no 2023. Do mesmo xeito, estas vítimas pasan de representar o 0,8% no 2022 ao 1,92% no 2023 do total de beneficiarias desta prestación.

Estas mulleres son na súa totalidade de orixe estranxeiro, sendo os seus países de orixe: Colombia, Brasil, Paraguai, Romanía e Venezuela.

Por outra banda, no ano 2023 non se rexistrou ningunha beneficiaria vítima de trata con fins de explotación sexual menor de 20 anos, atopándose todas elas entre os 21 e os 55 anos. Soamente unha delas tiña fillos ao seu cargo, ningunha acreditaba discapacidade e todas elas estaban desempregadas.

Estas vítimas de trata acreditaron a súa condición a través de informe do Ministerio Fiscal ou das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

AUMENTARON EN 8 MULLERES OS CASOS DE VÍTIMAS DE TRATA CON FINES DE EXPLOTACIÓN SEXUAL, PASANDO DE 5 EN 2022 A 13 BENEFICIARIAS EN 2023

Vítimas de explotación sexual

No ano 2023 as mulleres vítimas de explotación sexual diminúen en dous casos fronte aos resultados do ano anterior 2022, en total, neste ano 2023 houbo 3 mulleres vítimas de explotación sexual que foron beneficiarias da prestación periódica. Polo tanto, as vítimas de explotación sexual representan o 0,44% sobre o total.

Tódalas vítimas teñen nacionalidade estranxeira; en concreto as nacionalidades das beneficiarias pertencen a Colombia, Italia e Venezuela.

As vítimas de explotación sexual do ano 2023 atópanse entre os 21 anos e os 45, ningunha das beneficiarias presenta fillos a cargo así como tampouco acreditan discapacidade.

Das tres vítimas dous de elas acreditaron a violencia de xénero mediante Informe das Forzas e Corpos de Seguridade e unha delas mediante Informe do Ministerio Fiscal.

Víctimas de violencia vicaria.

No ano 2023 non se rexistraron mulleres beneficiarias vítimas de violencia vicaria.

5. Conclusións

O programa de prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero apoia e favorece dende o ano 2006 a independencia económicas das vítimas e impulsa o seu empoderamento. A continuación, recóllense os principais datos do programa nesta anualidade 2023.

DATOS GLOBAIS

- **Financiamento:** Nos anos de execución concedéronse prestacións por un importe superior aos sesenta millóns de euros (60.288.534,81 €).

60.288.524,81€
ORZAMENTO NO PERÍODO 2006-2023

- **Incremento orzamentario:** Dende os inicios da prestación periódica no ano 2006 e ata o 2023, o orzamento aumentou nun 219,6%, pasando de 1.755.300€ a 5.609.986 € en 17 anos.
- **Concesións:** Nos últimos dez anos concédese de media o setenta e sete por cento (77%) das solicitudes. En concreto, no último ano 2023 o número de prestacións concedidas ascende 678.
- **Evolución do número de beneficiarias:** As beneficiarias dos últimos cinco anos representan máis do 41% do total de mulleres que resultaron beneficiadas por esta prestación desde a súa orixe (ano 2006).

7.415 BENEFICIARIAS

DESDE O ANO 2006

- **Beneficiarias no período 2006-2023:** O número de beneficiarias da prestación periódica neste período ascendeu a un total de **7.415 mulleres**.

Datos relacionados coa prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero no 2023:

5.609.986,00 €

ORZAMENTO PLURIANUAL ANOS 2023-2024

678 **BENEFICIARIAS**

ANO 2023

- **Orzamento:** O orzamento de 2023 supera en case 4 millóns de euros o orzamento do ano 2006.
- **Beneficiarias por provincia:** A Coruña é a provincia que suma un maior número de beneficiarias, un 41,45% do conxunto da Comunidade Autónoma de Galicia, seguida de Pontevedra cun 30,53%, Ourense cun 16,81% e, finalmente, Lugo co 11,20% das beneficiarias. A provincia da Coruña tamén ten a maior proporción de concesións por número de solicitudes de toda Galicia.
- **Acreditación da situación de violencia de xénero:** Na convocatoria do ano 2023, máis do 80% das beneficiarias acreditaron a situación de violencia con medidas xudiciais; en concreto, o 48% mediante a orde de protección ou medida cautelar e o 33% a través de sentenza xudicial.



- **Beneficiarias por lugar de residencia:** As provincias da costa atlántica, A Coruña e Pontevedra, concentran máis do 70% das mulleres beneficiarias. Máis do 40% das mulleres beneficiarias da prestación periódica residen en Zonas Densamente Poboadas.

41,45% DAS BENEFICIARIAS DO ANO 2023 RESIDEN EN ZONAS DENSAMENTE POBOADAS

- **Nacionalidade das beneficiarias:** Máis do 70% das mulleres beneficiarias da prestación periódica no ano 2023 son de nacionalidade española.
- **Idade das beneficiarias:** Máis do 70% das beneficiarias teñen menos de 46 anos e o 43,22 % de mulleres beneficiarias teñen unha idade comprendida entre os 26 e 45 anos.

43,22% DAS BENEFICIARIAS DO ANO 2023 SON MENORES DE 36 ANOS

- **Beneficiarias con fillas/os menores a cargo:** 308 mulleres beneficiarias non teñen fillos/as menores a cargo, isto implica que o 54,57% de beneficiarias da prestación teñen un ou máis fillas/os a cargo.
- **Fillas/os menores a cargo das beneficiarias:** Dos/as 562 menores a cargo de mulleres vítimas de violencia de xénero, houbo un total de 265 nenas e 297 nenos.



- **Beneficiarias e fillas/os menores ao seu cargo cunha discapacidade acreditada:** No ano 2023, do total das beneficiarias desta prestación, 53 mulleres acreditaban algún tipo de discapacidade.
- **Información laboral e económica das beneficiarias:** Máis do 75% das beneficiarias son mulleres desempregadas e o 76,11% ten ingresos inferiores ao IPREM.

22,27% DAS BENEFICIARIAS TEÑEN UN EMPREGO E DESTAS O 67,55% RESIDEN NAS PROVINCIAS DA CORUÑA E PONTEVEDRA

- No ano 2023 acreditáronse 13 casos de vítimas de trata con fins de explotación sexual e 3 vítimas de explotación sexual.